



## CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL. 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. núm. 2024/C004/000005

Ref.: MGM

### INFORME DO ÓRGANO DE ASISTENCIA AO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN NA APERTURA DAS OFERTAS ECONÓMICAS DA LICITACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, TRAMITACIÓN SÚPER SIMPLIFICADA, DO CONTRATO DE SERVIZOS “PROGRAMA INTEGRAL DE EMPREGO 2023-2024”. LOTE 1, 2, 3 e 4

O día 10/07/2024, ás 12:45 horas, procedeuse á apertura das ofertas económicas no procedemento mencionado, segundo as previsións contidas nos pregos de cláusulas administrativas que rexen esta licitación.

Unha vez abertas as ofertas determináronse as ofertas incursas en valores anormais ou desproporcionados. De seguido, propúxose requirir aos licitadores que presentaron ofertas con valores anormais ou desproporcionados para que achegasen no prazo de tres días hábiles contados a partir do envío da notificación pertinente, a documentación que esixe o prego de cláusulas administrativas particulares, xustificativa dos valores contidos na súa oferta, de acordo co procedemento descrito no artigo 149 da LCSP. As ofertas con valores anormais ou desproporcionados son as dos seguintes licitadores:

- Gestión Plus, SLU: lote 1 (Curso básico de prevención de riscos laborais) e lote 2 (Operacións con puente grúa).
- Impulsa Formación y empleo, SL: lote 3 (Curso de carretilla elevadora e plataforma elevadora)
- Centro de Estudios Adams Ediciones Valbuena, SA: lote 4 (Igualdad de oportunidades)

#### **Gestión Plus, SLU**

O requirimento remitiúselles ao licitador en data 29/07/2024 (Identificador de comunicación 2024-NOT-05231932). No prazo conferido para o efecto, o licitador, presenta a documentación xustificativa da oferta anormal. A documentación remitiuse ao redactor do prego técnico para a emisión do informe técnico de valoración pertinente.

O informe relativo á oferta con valores anormais ou desproporcionados ten data do 05/08/2024. De acordo co citado informe, conclúese o seguinte:

*“[...] A la vista de todo lo anterior, se comprueba que la documentación presentada y los argumentos relacionados con la justificación de costes aportados, JUSTIFICAN SUFICIENTEMENTE la VIABILIDAD de la OFERTA PRESENTADA”*

O contido íntegro do informe de valoración poden consultarse no perfil do contratante desta licitación no seguinte enlace: [https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3Adetalle\\_licitacion&idEvl=yMpKdKqGgH6opEMYCmrbmw%3D%3D](https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3Adetalle_licitacion&idEvl=yMpKdKqGgH6opEMYCmrbmw%3D%3D)

Unha vez analizada a documentación presentada e o informe técnico emitido, propónse ao órgano de contratación admitir a oferta do licitador Gestión Plus, SL, relativa aos lotes 1 e 2.

A puntuación obtida por cada empresa na licitación, e a clasificación por orde de puntuación final, é a seguinte para o lote 1 e 2:

#### **Lote 1: Curso básico de prevención de riscos laborais**

**Contrato/concurso:** Programa Integrado de Empleo. Lote 1

**Prezo de licitación:** 51,75 €/h



## CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL. 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. núm. 2024/C004/000005

Ref.: MGM

Nº	Licitador	Oferta económica	Baixa (%)	Puntuación Val. económica	Total
1	Gestión Plus, SLU	48,88	5,55	25,90	25,90

Na acta da sesión do 10/07/2024, de acordo co artigo 159.4 e 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (en diante, LCSP), aplicable, de acordo co artigo 159.6 da LCSP, supletoriamente no procedemento aberto súper simplificado, propúxose ao órgano de contratación a adxudicación a favor do licitador que presentou a proposición que contén a oferta economicamente máis vantaxosa, o licitador Gestión Plus, SLU, cunha oferta económica de 48,88 €/h (exento de IVE) e unha puntuación da valoración económica de 25,90 puntos.

De seguido, ao abeiro do artigo 159.4.3º, da LCSP, comprobouse se o licitador proposto como adxudicatario está inscrito no ROLECE. Dado que se atopa inscrito no ROLECE, queda acreditado que a empresa goza de capacidade xurídica e de obrar, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta e non está incurso en ningunha prohibición para contratar. O licitador achega unha declaración responsable a que se compromete a contratar o seguro en caso de resultar adxudicatario. En canto á solvencia técnica, o licitador achega a documentación relativa aos perfís profesionais, que se remite á técnica municipal para que determine se cumpre co esixido no prego.

A técnica redactora do prego de prescricións técnicas supervisa a documentación relativa aos docentes (currículos) e conclúe no seu informe o seguinte: "Os docentes presentados pola empresa Gestión Plus SLU (B70162649) para os lotes 1, 2 e 3 [...] cumpren co esixido nos pregos para cada unha das especialidades, tanto en formación como experiencia e homologacións pertinentes nos casos que son precisos.". O dito documento pode consultarse no perfil do contratante do órgano de contratación, no seguinte enlace [https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3Adetalle\\_licitacion&idEvl=yMpKdKqGgH6opEMYCmrbmw%3D%3D](https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3Adetalle_licitacion&idEvl=yMpKdKqGgH6opEMYCmrbmw%3D%3D)

O licitador está ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social. O Concello das Pontes verificou que o licitador está ao corrente das obrigas tributarias co concello.

### **Lote 2: Operacións con puente grúa**

**Nome do contrato:** Programa Integrado de Emprego. Lote 2

**Prezo de licitación:** 120,00 €/h

Nº	Licitador	Oferta económica	Baixa (%)	Puntuación Val. económica	Total
1	Gestión Plus, SLU	93,75	21,88	90,64	90,64

Na acta da sesión do 10/07/2024, de acordo co artigo 159.4 e 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (en diante, LCSP), aplicable, de acordo co artigo 159.6 da LCSP, supletoriamente no procedemento aberto súper simplificado, propúxose ao órgano de contratación a adxudicación a favor do licitador que presentou a proposición que contén a oferta economicamente máis vantaxosa, o licitador Gestión Plus, SLU, cunha oferta económica de 93,75 €/h (exento de IVE) e unha puntuación da valoración económica de 90,64 puntos.

De seguido, ao abeiro do artigo 159.4.3º, da LCSP, comprobouse se o licitador proposto como adxudicatario está inscrito no ROLECE. Dado que se atopa inscrito no ROLECE, queda acreditado que a empresa goza de capacidade xurídica e de obrar, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta e non está incurso en ningunha prohibición para contratar. O licitador achega unha declaración responsable na que se compromete a contratar o seguro en caso de resultar adxudicatario. En canto á solvencia técnica, o licitador achega a documentación relativa aos perfís



## CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL. 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. núm. 2024/C004/000005

Ref.: MGM

profesionais que se remite á técnica municipal para que determine se cumpre co esixido no prego.

A técnica redactora do prego de prescricións técnicas supervisa a documentación relativa aos docentes (currículos) e conclúe no seu informe o seguinte: "Os docentes presentados pola empresa *Gestión Plus SLU (B70162649)* para os lotes 1,2 e 3 [...] cumpren co esixido nos pregos para cada unha das especialidades, tanto en formación como experiencia e homologacións pertinentes nos casos que son precisos.". O dito documento pode consultarse no perfil do contratante do órgano de contratación, no seguinte enlace [https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3Adetalle\\_licitacion&idEvl=yMpKdKqGgH6opEMYCmrbmw%3D%3D](https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3Adetalle_licitacion&idEvl=yMpKdKqGgH6opEMYCmrbmw%3D%3D)

O licitador está ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social. O Concello das Pontes verificou que o licitador está ao corrente das obrigas tributarias co concello.

### **Impulsa Formación y empleo, SL**

O requirimento remitíuselle ao licitador en data 29/07/2024 (Identificador de comunicación 2024-NOT-05231951). No prazo conferido para o efecto, o licitador, presenta a documentación xustificativa da oferta anormal. A documentación remitiuse ao redactor do prego técnico para a emisión do informe técnico de valoración pertinente.

O informe relativo á oferta con valores anormais ou desproporcionados ten data do 07/08/2024. De acordo co citado informe, conclúese o seguinte:

"[...]A la vista de todo lo anterior, se comprueba que la documentación presentada y los argumentos relacionados con la justificación de costes aportados, NO JUSTIFICAN SUFICIENTEMENTE la VIABILIDAD de la OFERTA PRESENTADA. [...]"

O contido íntegro do informe de valoración poden consultarse no perfil do contratante desta licitación no seguinte enlace: [https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3Adetalle\\_licitacion&idEvl=yMpKdKqGgH6opEMYCmrbmw%3D%3D](https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3Adetalle_licitacion&idEvl=yMpKdKqGgH6opEMYCmrbmw%3D%3D)

A puntuación obtida por cada empresa na licitación do lote 3, unha vez excluído o licitador Impulsa Formación y Empleo, SL e a clasificación por orde de puntuación final, é a seguinte:

### **Lote 3: Curso de carretilla elevadora e plataforma elevadora**

**Nome do contrato:** Programa Integrado de Emprego. Lote 3

**Prezo de licitación:** 232,00€/h

Nº	Licitador	Oferta económica	Baixa (%)	Puntuación Val. económica	Total
1	Gestión Plus, SLU	158,88	31,52	88,49	88,49
2	Gdoce Grupo empresarial de servicios	190,00	18,10	73,47	73,47

De acordo co artigo 159.4 e 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (en diante, LCSP), aplicable, de acordo co artigo 159.6 da LCSP, supletoriamente no procedemento aberto súper simplificado, propónse ao órgano de contratación a adxudicación a favor do licitador que presentou a proposición que contén a oferta economicamente máis vantaxosa, o licitador Gestión Plus, SLU, cunha oferta de 158,88 euros/hora (exento de IVE) e unha puntuación da valoración económica de 88,49 puntos.



## CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL. 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. núm. 2024/C004/000005

Ref.: MGM

De seguido, ao abeiro do artigo 159.4.3º, da LCSP, comprobouse se o licitador proposto como adxudicatario está inscrito no ROLECE. Dado que se atopa inscrito no ROLECE, queda acreditado que a empresa goza de capacidade xurídica e de obrar, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta e non está incurso en ningunha prohibición para contratar. O licitador achega unha declaración responsable na que se compromete a contatar o seguro en caso de resultar adxudicatario. En canto á solvencia técnica, o licitador achega a documentación relativa aos perfís profesionais que será remitida á técnica municipal para que determine se cumpre o esixido no prego.

A técnica redactora do prego de prescricións técnicas supervisa a documentación relativa aos docentes (currículos) e conclúe no seu informe o seguinte: *”Os docentes presentados pola empresa Gestión Plus SLU (B70162649) para os lotes 1,2 e 3 [...] cumpren co esixido nos pregos para cada unha das especialidades, tanto en formación como experiencia e homologacións pertinentes nos casos que son precisos.”*. O dito documento pode consultarse no perfil do contratante do órgano de contratación, no seguinte enlace [https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3Adetalle\\_licitacion&idEvl=yMpKdKqGgH6opEMYCmrbmw%3D%3D](https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3Adetalle_licitacion&idEvl=yMpKdKqGgH6opEMYCmrbmw%3D%3D)

O licitador está ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social. O Concello das Pontes verificou que o licitador está ao corrente das obrigas tributarias co concello.

### **Centro de Estudios Adams Ediciones Valbuena, SA**

O requirimento remitíuselle ao licitador en data 31/07/2024 (Identificador de comunicación 2024-NOT-05239484). No prazo conferido para o efecto, o licitador, presenta determinada documentación na que expón o seguinte:

*“[...]Nuestra oferta indicaba un precio de 40,00€/alumno, por una interpretación errónea de los pliegos, cuando en el modelo de oferta económica debía indicarse precio/hora. Este malentendido ha provocado que nuestra oferta se considere anormalmente baja según los criterios de valoración.*

*Para subsanar este error, procedemos a rectificar nuestra oferta indicando el precio correcto conforme a las especificaciones requeridas . En función de la oferta que hemos realizado previamente, el precio correcto sería de 160,00€/hora. [...]”*

O PCAP establece que: *“ O orzamento do contrato nos lotes 1,2,3,4 e 6 determinase por unidades de execución (o prezo hora) [...]. A mellora realizarase mediante baixa respecto do prezo unitario de cada lote”*. Respecto do lote 4, ao desglosar o valor estimado do contrato, o prezo de execución establecía claramente que o prezo unitario era o prezo hora, que se cuantificaba en 246,84 €/h. Ao describirse os requisitos da factura recollese que *“Na factura/s que se presenten deberá acreditarse o número de horas prestado e as datas do servizo (lotes 1, 2, 3, 4 e 6)”*. O modelo de oferta tamén recollía unha táboa na que se refería o Prezo/hora.

A oferta da empresa limitábase a recoller un prezo de 40 €.

Ao erro nas proposicións refírese o artigo 84 do Regulamento Xeral da lei de contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro que dispón: *”Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será rexeitada pola mesa, en resolución motivada. Pola contra, o cambio ou omisión dalgunhas palabras do modelo, con tal*



## CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL. 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. núm. 2024/C004/000005

Ref.: MGM

*de que o un ou a outra non alteren o seu sentido, non será causa bastante para o rexeitamento da proposición".*

*En STS do 12 de abril de 2012 indicase que “aceptar que un determinado licitador, ante una omisión solo a él imputable, pudiera hacer su oferta con posterioridad mediante la técnica de la subsanación, cuando ya se conocían las restantes ofertas, lo que ciertamente desvirtuaría, en general, los principios informadores de la contratación administrativa, como los de transparencia, objetividad e igualdad; y, en particular, el verdadero significado del procedimiento de adjudicación, con vulneración del principio de buena fe de bienes jurídicos a proteger en el apuntado ámbito normativo de la contratación de las Administraciones Públicas”.*

A aclaración que presenta a empresa licitadora altera o sentido da oferta presentada e a modifica, sen que poda ser considerada un mero error formal ou de conta; a admisión da nova oferta vulnera o principio de igualdade de trato nas licitacións, levando a conclusión de que a empresa debe ser excluída da licitación.

Proponse ao órgano de contratación a exclusión da licitación, do licitador Centro de Estudios Adams Ediciones Valbuena, SA por non axustarse a proposición presentada aos termos establecidos no PCAP (prezo/hora).

A puntuación obtida por cada empresa na licitación do lote 4, unha vez excluído o licitador Centro de Estudios Adams Ediciones Valbuena, SA e a clasificación por orde de puntuación final, é a seguinte:

### **Lote 4: Igualdade de oportunidades**

**Nome do contrato:** Programa Integrado de Emprego. Lote 4

**Prezo de licitación:** 7599,00€

Nº	Licitador	Oferta económica	Baixa (%)	Puntuación Val. económica	Total
1	Recursos Galicia, SLU	160,00	97,89	99,44	99,44
2	Gestión Plus, SLU	178,88	97,65	99,35	99,35
3	Norformación, SL	249,00	96,72	99,02	99,02
4	Estudios Rafer, SL	264,45	96,52	98,95	98,95
5	Gdoce Grupo Empresarial de Servicios, SL	280,00	96,32	98,88	98,88

De acordo co artigo 159.4 e 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (en diante, LCSP), aplicable, de acordo co artigo 159.6 da LCSP, supletoriamente no procedemento aberto súper simplificado, proponse ao órgano de contratación a adxudicación a favor do licitador que presentou a proposición que contén a oferta economicamente máis vantaxosa, o licitador Recursos Galicia, SLU, cunha oferta de 160,00 euros/hora (exento de IVE) e unha puntuación da valoración económica de 99,44 puntos.

A continuación, ao abeiro do artigo 159.4.3º comprobouse se o licitador está inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia. O licitador está inscrito no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia. Da dita inscrición, derívase que a empresa está debidamente constituída; xustifícase o apoderamento do asinante da proposición; confírmase que



## **CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL. 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. núm. 2024/C004/000005

Ref.: MGM

non está incurso en prohibicións de contratar. O licitador achega unha póliza de seguro de responsabilidade civil e de accidentes polo importe indicado no prego. En canto á solvencia técnica, o licitador aporta a documentación relativa aos perfís profesionais que será remitida á técnica municipal para que determine se cumpre co esixido no prego.

A técnica redactora do prego de prescricións técnicas supervisa a documentación relativa aos docentes (currículos) e conclúe no seu informe o seguinte: *"Os docentes presentados [...] e pola empresa Recursos Galicia, SLU (B 70107842), para o lote 4, cumpren co esixido nos pregos para cada unha das especialidades, tanto en formación como experiencia e homologacións pertinentes nos casos que son precisos."* O dito documento pode consultarse no perfil do contratante do órgano de contratación, no seguinte enlace [https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3Adetalle\\_licitacion&idEvl=yMpKdKqGgH6opEMYCmrbmw%3D%3D](https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3Adetalle_licitacion&idEvl=yMpKdKqGgH6opEMYCmrbmw%3D%3D)

Verifícase que está ao corrente, coas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coas obrigas da Seguridade Social. O Concello das Pontes verificou que o licitador está ao corrente co concello.

En conclusión, a documentación que presentan os licitadores cumpren co previsto no prego que rexe a licitación, co que se informa favorablemente a súa adxudicación.

As Pontes de García Rodríguez, 7 de agosto de 2024

A administrativa do Departamento de Contratación

A secretaria municipal